

ficció-n

Ficción Producciones e TVG presentan a rodaxe da miniserie Mar Libre

Escenarios naturais de toda Galicia e un elenco encabezado por William Miller, José Ángel Egido, Luis Zahera e María Vázquez, xunto cun reparto de luxo garanten o éxito desta ficción ambientada nas costas galegas do século XVIII.


Coproducida por Ficción Producciones e TVG, Mar Libre é unha miniserie de dous capítulos gravada en alta definición. Dirixida por Dani de la Torre e íntegramente fotografada en escenarios naturais, Mar Libre nace da necesidade de contar un anaco escondido da nosa historia. No contexto da industria da salga do peixe na costa galega, un heroe do pobo, encabezará unha loita pola vida e a liberdade. Mar Libre é unha historia épica , con amor e aventuras, no marco incomparable da Costa da Morte.

Nestas intensas semanas de preprodución, os actores están a preparar unha complexa rodaxe que require coreografías de loita, secuencias a cabalo e manexo da espada. Ó mesmo tempo o vestiario, a maquillaxe e os decorados estanse a rematar, todo debe estar listo o día 14 de setembro para o comezo da rodaxe.

A Illa de Sálvora, Caldebarcos, Redondela, Santiago ou Agolada son algúns dos espazos que acollerán o equipo de Mar Libre nas vindeiras semanas. Escenarios reais que responden a un esforzo de produción para acadar un relato épico coma nunca se produciu na nosa comunidade.

Tel. 0034 981 536 630
Fax 0034 981 536 730
Polígono Novomilladoiro
Rúa Palmeira, 62 A2
15895 Ames (A Coruña)

produccion@ficción-producciones.com
www.ficción-producciones.com



ficción

William Miller: Interpreta a Anxo no papel protagonista do filme. Ven de destacar recentemente na canle Cuatro, ca sorpresa da temporada pasada *Hay alguien ahí*. Este intérprete xa dera o salto a pequena pantalla fai uns anos acadando un papel de protagonista secundario no gran éxito de TVE *Cuéntame*.




María Vázquez: A actriz, coprotagonista da película xunto a Miller, estivo nominada a un premio Goya pola súa participación en *Mataharis*, coma Mellor Actriz de Reparto. Tamén colaborou en *El año de la garrapata* ou *La dama boba*.



Tel. 0034 981 536 630
Fax 0034 981 536 730
Polígono Novomilladoiro
Rúa Palmeira, 62 A2
15895 Ames (A Coruña)

produccion@ficción-producciones.com
www.ficción-producciones.com



ficción

José Ángel Ejido: Gañador dun Goya polo seu papel en *Los Lunes al Sol*. Na súa dilatada experiencia participou en máis de vinte películas, como *El amor perjudica seriamente la salud*, *Abre los ojos* ou *Los girasoles ciegos*. Ademais conta con moita experiencia na televisión, en series que van dende *Médico de Familia* ata a recente *Cuenta Atrás*.




Luis Zahera: Ben coñecido por interpretar a Petróleo no éxito da TVG *Mareas Vivas*, máis recentemente ten participado nas series de televisión *Sin Tetas no hay paraíso*, *La Familia Mata*, *Motivos Personales*, *Hospital Central* ou *El Comisario*. Igualmente formou parte de longametraxes coma *O lapis do carpinteiro* ou *El año de la garrapata*.



Tel. 0034 981 536 630
Fax 0034 981 536 730
Polígono Novomilladoiro
Rúa Palmeira, 62 A2
15895 Ames (A Coruña)

produccion@ficción-producciones.com
www.ficción-producciones.com



ficción

Isabel Naveira: A actriz galega destacou pola súa presenza en multitude de longametraxes e curtas a nivel nacional e galego, ademáis de contar cun elevado número de cameos e participacións esporádicas en multitude de producións.



Ademais destes actores principais, a produción conta cun elenco de **secundarios de auténtico luxo, coma son:** Mela Casal, Jose Manuel Olveira, *Pico*, Miguel de Lira, Xullo Abonjo , Xosé Barato ou Xabier Deibe.